

## Calahonda sumerxida.

En Calahonda, algúns días, moi poucos, o mar axítase. As barcas, enbravecidas, aguantan o bater das ondas... case sempre. Pero a aparente calma azul non se compadece dos traballos alleos.

Ás veces, a vida sérvese das penas dos outros. Así, as algas e os invertebrados epífitos medran sobre os restos dunha barca de pesca.

E onde houbo redes e aparellos, é posible que agora teña o seu refuxio un peixe, un molusco ou un crustáceo, que, esquivos, moveranse entre as cadernas.

Mestúranse as cores da barca coas dos organismos. A man humana e a natureza.

Os mariñeiros non só coidan das súas barcas. Tamén as adornan e danlles carácter. Para eles, son entes vivos, ata que quedan varadas en terra ou afundidas no fondo do mar.

Pasado o tempo, esas cores serán o testemuño da vida que animou a barca, do afán duns homes que teñen a súa vida no mar, e ás veces, tamén a súa morte.

Así acontece tamén en Calahonda, onde, como en tantos outros pobos da costa andaluza, o turismo substituiu en grande medida á pesca.

A transformación da costa mediterránea da península ibérica acontecida durante a segunda metade do século XX afectou aos pobos do litoral granadino de xeito radical; e co temor de engadir outra barca ao fondo mar, moitos mariñeiros pasaron a exercer oficios menos ingratos e crueis.

O mar en Calahonda ofrece augas claras, cantís e covas, e unha grande diversidade de organismos mariños.

Os espirógrafos son vermes poliquetos que viven dentro de tubos e son sésiles. Os vistosos plumeiros que arrola a auga son as branquias do animal, que cando as axita intercambia gases coa auga, é dicir, respira: expulsa dióxido de carbono e capta osíxeno. Non hai organismo vivo que escape a este proceso vital.

Ademáis, o movemento do penacho vale para captar as partículas das que se nutren.

Cando non se precisa telas fóra, as branquias recóllense dentro do tubo. Aló no fondo, e sen se poder mover hai moitos depredadores axexando;; así que canto máis desaprecibido pase, menor é o risco. Mellor amosar un tubo duro que un corpo carnoso.

A disposición en espiral das branquias supón unha adaptación extraordinaria. O tubo actúa como protección do animal, pero limita demasiado a capacidade de respirar. O plumeiro maximiza a superficie exposta ao intercambio gaseoso.

E ademáis, cos seus xiros e cores compoñen unha fermosa danza submarina.